



MOCIÓN

Día internacional das mulleres

Máia os avances, sigue a constatar-se o contraste enorme que existe entre lexislación pretendidamente igualitária, mulleres-homes, e a realidade social das mulleres.

Os aspectos centrais da discriminación das galegas non teñen mudado cualitativamente. De feito, ten-se voltado ao paradigma da ideoloxía conservadora a respecto da acción positiva a prol das mulleres. Así, ao partir do tratamento do concepto de igualdade de xeito individual, os remedios para combater a discriminación de xénero e a exclusión social non permiten reaxir contra os efectos menos visíbeis das condutas sociais negativas cara as mulleres, e ao tempo non ofrecen solucións colectivas, que pudesen promover procesos sócio-culturais de cambio.

A práctica política dos gobernos autonómico e central amosan con clarezas estas circunstancias. Por unha banda, a escasa dotación de fondos para financiar campañas orientadas á mudanza de comportamentos, valores e actitudes que implican a adopción de roles sociais por razón do xénero. Por outra banda, a escasa relevancia de servizos públicos universais relacionados coa atención á familia, que propícien unha nova situación para as mulleres.

Ademais, neste ano que aventura un conflito bélico, o vindeiro 8 de marzo non podemos deixar de lembrar ao pobo iraquiano e ás mulleres iraquianas. As mulleres, que son a maior parte das vítimas dos conflitos armados, dín **NON Á GUERRA**.

Tamén, este 8 de marzo de 2003, a poucos meses de ter sufrido unha catástrofe colectiva que golpeou a economía galega e sacudiu as consciencias do país, o **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** quer manifestar o apoio ás mulleres, impulsoras sempre na reconstrución do país.

En base a estes obxectivos, é polo que o **Grupo Municipal do BNG** propón que polo pleno da Corporación do Concello de Vilagarcía se aprobe o seguinte

ACORDO

1. Esta Corporación compromete-se a promover políticas de acción positiva a fin de mudar e mellorar a situación social das mulleres, que comporten:
 - a. O cumprimento efectivo do principio de igualdade,
 - b. A erradicación da discriminación social que impide ás mulleres o pleno exercicio dos seus dereitos,
 - c. A potenciación da presenza activa das mulleres nos distintos ámbitos da vida social, favorecendo as condicións persoais e colectiva que posibiliten dito cambio.
2. Esta Corporación contribuirá á realización de campañas orientadas á mudanza de comportamentos, valores e actitudes que implican a adopción de roles sociais por razón do xénero, co obxectivo de avanzar cara a igualdade real das mulleres.
3. Esta Corporación defenderá e reivindicará das institucións públicas uns servizos básicos universais que propicien un maior benestar á sociedade, e en especial aqueles que constitúan un avance claro na discriminación positiva das mulleres.
4. A Corporación Municipal en pleno reconece o importante papel activo desempeñado polas mulleres de Galiza no desenvolvemento económico e social do país, e destaca o labor na reconstrución e reparación das consecuencias da catástrofe do Prestige.

Vilagarcía, 3 de marzo de 2003

Xosé Castro Ratón

Voceiro

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA